



Resolución da directora-xerente de SEAGA pola que se convocan os exames da fase de oposición, regulado no punto III.1 das bases pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da *Lei 20/2021, do 28 de decembro*, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de **concurso oposición**, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA), publicada o 30/12/2022, para os postos de ***Coordinador/a Provincial (Técnico provincial, Técnico/a medio servizos centrais e Advo/a Servizo Laboral)***

De conformidade co establecido no apartado III.1. da *Resolución do 29 de decembro de 2022* pola que se convoca dito proceso selectivo, RESOLVO:

1. Convocar os exames da fase de oposición, para os postos de ***Coordinador/a Provincial (Técnico provincial), Técnico/a medio servizos centrais e Advo/a Servizo Laboral***, que terá lugar no seguinte día, hora e lugar:

Día: 2 de decembro de 2023 (sábado).

Hora: 11:00 horas (en chamamento único).

Lugar: Aula nº 2 (planta baixa) da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), sita na rúa Madrid, 2-4 (As Fontiñas), Santiago de Compostela.

2. As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución, ou outro documento fidedigno que, a xuízo da Comisión de Selección, acredite a súa identidade e lapis do nº 2.

O exercicio realizarase a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros da Comisión de selección e as persoas designadas como colaboradoras.

Non se poden levar móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poidan valer as persoas aspirantes para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

